

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E O CLUB CICLISTA CAMBRE
PARA A PROMOCIÓN DO CICLISMO 2022**

En Cambre, na data da sinatura dixital

INTERVEÑEN:

Dunha parte, don Juan González Leirós, alcalde en funcións do Concello de Cambre (por delegación efectuada mediante Resolución da Alcaldía nº 18/2023, do 10 de xaneiro), en uso das atribucións que lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistido pola secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto, en exercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 3.2.i) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Da outra, don Juan Carlos Candal de la Cruz, con DNI _____ presidente do Club Ciclista Cambre Caeiro, actuando como representante deste, con CIF G 15695315 e con sede en Cambre, rúa río Sil nº3 15660 Cambre.

En cumprimento da resolución da Alcaldía nº 130/2023, do 31 de xaneiro de 2023.

EXPOÑEN:

1.- Que en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2.- Considerando que o Concello de Cambre carece de persoal suficiente e os medios necesarios para abarcar cos seus propios recursos, todas as especialidades deportivas e á totalidade da poboación.

3.- Considerando que o Club Ciclista Cambre, entidade deportiva sen ánimo de lucro, con sede social en Cambre, está dedicada ao fomento da práctica do ciclismo, á participación en competicións federadas, ao ensino e formación de deportistas deste Concello e á organización de eventos deportivos federados e de participación cidadá.

4.- Considerando que o Club Ciclista Cambre está a manter todos os compromisos adquiridos no pasado convenio de colaboración.

5.- Considerando que no orzamento municipal para o exercicio 2022 consta unha subvención nominativa a favor do Club Ciclista Cambre, consignada na aplicación "341.48901 Club Ciclista Cambre".

6.- Tendo en conta que a devandita entidade declara neste acto, encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, fiscais e coa seguridade social que se derivan da súa actividade.

Sobre a base do exposto, a proposta da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, considera necesaria a formalización dun convenio de colaboración, para que mediante a sinerxía dos recursos das partes asinantes se continúe a manter a promoción do ciclismo conforme as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: COMPROMISOS DO CLUB CICLISTA CAMBRE CAEIRO

Este Club adquire os seguintes compromisos:

1º) Participar nas competicións federadas cos equipos de que dispón, asumindo todos os custos derivados da participación nesas competicións: inscrición dos equipos, pagamento de licencias, gastos de arbitraje, material deportivo, desprazamentos, etc., e do persoal técnico necesario para a participación destes equipos nas competicións federadas.

Achegar, en todo caso, o seguinte persoal e medios:

- Equipo de Xuvenil-Xunior: un director deportivo e un coche de equipo
- Equipo de Bicicleta de Montaña: un director deportivo e un coche de equipo
- Equipo de Cadetes e Escolas de Ciclismo: un director deportivo e un coche de equipo
- Equipo de Ciclocrós: un director deportivo
- Equipo de Cicloturistas: un director deportivo
- Equipo Feminino: un director deportivo

2º) Desenvolver as actividades deportivas contratando conforme á normativa legal vixente o persoal necesario:

- CURSO DE INICIACIÓN AO CICLISMO (curso escolar)
- XX GRAN PREMIO CONCELLO DE CAMBRE BTT 28/05/2022
- XX GRAN PREMIO CONCELLO DE CAMBRE ESCOLA, CADETES E JUNIOR 24/07/2022
- XX MINI BTT CONCELLO DE CAMBRE 03/09/2022
- XII CICLOCROSS CONCELLO DE CAMBRE 01/11/2022

3º) Participar nos eventos e actos públicos que lle requira o Concello sempre que o permitan as normas federativas.

4º) Poñer a disposición do Concello o material, equipamento e persoal técnico co que conte para colaborar / promocionar actividades ou eventos deportivos organizados polo Concello de Cambre, e de forma especial para a escola deportiva municipal de Ciclismo.

O persoal contratado polo Club Ciclista Cambre, necesario para o cumprimento de todos os compromisos sinalados neste Convenio, non terá vinculación laboral co Concello de Cambre.

5º) Utilizar a denominación que propuxo o Concello para darlle nome ao club, para representar ao Concello en todas as súas actuacións deportivas ciclistas e para todas as actuacións nos medios de comunicación facendo constar o seu patrocinio.

5.1) Rotular os vehículos, co nome e anagrama do Concello de Cambre, conforme se acorde entre ambas entidades. En calquera caso o tamaño da rotulación será proporcional á achega anual do Concello en relación con outros posibles patrocinadores.

5.2) Incluír, na adquisición do equipamento deportivo, a gravación do nome e anagrama do Concello de Cambre. En calquera caso o tamaño da rotulación será proporcional á achega anual do concello en relación con outros posibles patrocinadores

5.3) Se o patrocinio do Concello alcanza á totalidade do orzamento anual do Club, este lucirá exclusivamente propaganda deste.

5.4) Figurar, nas probas organizadas polo Club Ciclista Cambre, nos carteis promocionais, na zona de meta / saída e na zona de podio o anagrama do Concello de Cambre.

6º) Acreditar que conta cun seguro de responsabilidade civil para a cobertura das actividades que se realicen ao abeiro deste Convenio de ata 300.000 euros, manténdoo vixente durante toda a duración deste, así como a mutualidade deportiva o seguro de accidentes deportivos de todos os ciclistas e cadro técnico.

7º) Presentará os documentos acreditativos da realización dos compromisos deste Convenio e da aplicación dos fondos recibidos mediante a presentación:

7.1) Logo da sinatura do convenio:

- a) Facturas xustificativas do gasto realizado, por importe, cando menos, da contribución a percibir deste Concello con cargo a este Convenio, de 27.000,00 euros.
- b) Certificado do presidente coa sinatura do secretario indicativo de que "a entidade non se encontra incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro doutras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión."

7.2) Antes do 3 de febreiro de 2023, de:

- a) Memoria anual das actividades que se realizaron durante o exercicio 2022.
- b) Certificado de ingresos percibidos para o mesmo obxecto asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- c) Certificado asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade da Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do tipo de documento, número de documento, data de emisión, acredor (nome ou denominación social e CIF/NIF) e importe líquido e bruto, importe imputable e, concepto detallado no que ademais se indique mes e ano do gasto realizado. O certificado deberá constar de totais das columnas que reflectan importes económicos. A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.
A entidade destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

- d) Memoria anual da xestión económica da entidade deportiva do ano 2021, aprobada pola entidade.
- e) Facturas orixinais e documentos válidos para acreditar o gasto, correspondentes ao gasto realizado na anualidade, que respondan á natureza da actividade subvencionada e por importe mínimo de 34.444,44 euros, tendo en conta que o coeficiente de financiamento establecido no presente convenio é do 0,9.

Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 34.444,44 euros, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpríu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustificativo. Enténdese que a finalidade básica da subvención se cumpríu se se realizou, alomenos, o 75 por 100 das actividades previstas e presupostadas no convenio. En caso contrario, entenderase que a finalidade básica non se cumpríu, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentarse fotocopias, antes de facer a copia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificativo non supere o 20 % do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificativo en efectivo non poderá superar os 2.000,00 euros. Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos xustificativos unha vez aboada a subvención, segundo o previsto no apartado 7.3).

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao Concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingreso de dereito público. Tampouco se consideran subvencionable a gravación nos equipamentos dos anagramas dos patrocinadores do Club.

O importe que se xustifique en concepto de gastos correntes de administración xeral (alugueres, pólizas de seguros, luz, gas, teléfono, consumibles de oficina, financeiros, etc.) non

poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar, e ha de xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.

Admitiranse como gastos das actividades os correspondentes ás adecuacións aos protocolos sanitarios relativos á COVID-19 (luvas, máscaras, alfombras, desinfectantes, tests...). En todo caso para a súa consideración como gasto válido deberá xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.

Os gastos de desprazamentos e aloxamento deberán presentarse achegando documentación complementaria que acredite que o gasto se corresponde coa actividade subvencionada debendo constar: as datas do/s desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento achegando certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, ademais de trípticos, calendarios de actividades/competicións, certificacións de asistencia..., acreditativos da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.

Para os efectos de facilitar a comprobación, deberase aportar **informe explicativo** da imputación da cada factura ou grupo de facturas coas competicións, adestramentos ou actividades que orixinaron o gasto.

- f) Dado que as actividades obxecto do convenio implican o contacto habitual con menores, deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil), presentando Declaración do/a presidente/a da entidade do cumprimento de dita obriga.
- g) Certificado do presidente coa sinatura do secretario indicativo de que "a entidade non se encontra incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro doutras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión."

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

7.3) Acreditará ante este Concello o destino dos fondos recibidos no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao pagamento do importe da subvención, mediante a presentación de:



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

1.- Certificado asinado polo/a presidente/a e tesoureiro/a da entidade que conteña a relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do documento e acredor, importe, data de emisión, así como a data e medio de pago. Xunto a este certificado achegaranse os documentos bancarios que acrediten o pago dos xustificantes incluídos na relación clasificada de gastos da actividade, se os mesmos non obrasen no expediente.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20 % do importe adxudicado. En todo caso o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 2.000,00 euros. Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

O certificado deberá acreditar o pago de facturas por un importe mínimo do orzamento que se ha de xustificar, e debe referirse a facturas e xustificantes de gasto válidos contidos na conta xustificativa presentada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos que esixan o pagamento a través de entidade financeira, o certificado deberá acreditar o pago de facturas cando menos, da suma das cantidades percibidas. Para a comprobación desta condición deberá achegar as bases da convocatoria ou o convenio asinado.

2.- Acreditación da data de ingreso da subvención municipal

A falta de acreditación no prazo establecido ou en forma non adecuada segundo o disposto no presente convenio, conllevará que o dito gasto se considere como non válido para efectos de xustificación da subvención e dará lugar a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

8º) Someterase ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do emprego dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

Este Concello comprométese a:

1º) Coordinar a utilización das instalacións deportivas municipais e fixar os días e os horarios para a súa utilización, podendo, antes da iniciación da prestación de cada actividade, introducir as modificacións necesarias conforme á demanda dos veciños.

2º) Facilitar ao Club Ciclista Cambre a utilización dos equipamentos e infraestruturas municipais, logo da solicitude e por tempo determinado, conforme estime autorizar o Concello de Cambre en cada caso.

3º) Financiará a organización, coordinación e xestión das actividades que se recollen no presente convenio cunha achega anual de trinta e un mil euros (31.000,00 €). A achega farase efectiva da seguinte forma:

- Unha primeira achega de vinte e sete mil euros (27.000,00 €), logo da achega por parte do Club Ciclista Cambre dos documentos acreditativos do cumprimento do convenio sinalados no compromiso 7.1).

- Unha segunda achega de catro mil euros (4.000,00 €), e logo da achega por parte do club ciclista dos documentos acreditativos do cumprimento do convenio sinalados no compromiso 7.2).

Presentada a documentación acreditativa do cumprimento do obxecto do Convenio pola entidade, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade da subvención. A concellería de Deportes elevará ao Alcalde ou, no seu caso, concelleiro delegado competente, proposta de aprobación da mesma para o abono de cada unha das achegas, e unha vez aprobadas mediante resolución as xustificacións presentadas pola entidade, aboarase mediante transferencia bancaria.

En ningún caso a suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal. O Concello fixa un coeficiente máximo de financiamento do 0,9 para o obxecto a subvencionar segundo o establecido polo 32 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Se durante o período de vixencia do convenio de colaboración, se reducise significativamente a actividade do Club, revisaríaase a contía da contribución anual.

TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS

Establécese a obriga por parte do Club Ciclista Cambre de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscribíbase para a promoción do ciclismo durante o exercicio 2022.

QUINTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das Bases de execución do orzamento de 2022, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

SEXTA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade ao contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

SÉTIMA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do disposto no artigo 6.2 do citado corpo legal, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo artigo 4 da Lei.

Non obstante este convenio ten carácter administrativo quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdicción contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

OITAVA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no exposto, asinando mediante sinatura electrónica recoñecida, acreditativa da integridade do documento asinado, así como da data e hora da sinatura.

Concello de Cambre
O alcalde en funcións
Juan González Leirós

Club Ciclista Cambre
O presidente
Juan Carlos Candal de la Cruz

A secretaria xeral
Pilar María Pastor Novo